

Fai a segmentación morfolóxica das seguintes formas verbais e indica o valor de cada un dos constituíntes:

deixaredes, contaramos, nacen, anoiteceu, prometemos, formariades, houberes, saíamos, desenvolvestes

Lembra a conjugación dos verbos con alternancia vocálica e pon a forma de Presente de Indicativo que corresponda do verbo que vai entre parénteses:

- Ultimamente non (acudir; el) _____ ao teatro tanto como antes.
- O noso seguro (cubrir) _____ toda clase de accidentes.
- É moi cauta, sempre (medir) _____ moi ben as súas palabras.
- Todos eses vellos aparatos xa non (servir) _____ para nada.
- Se non (durmir; ti) _____ máis de cinco horas é lóxico que esteas canso.
- Son aínda moitos os que (sufrir) _____ as consecuencias da guerra.
- (Seguir; ti) _____ sendo a mesma persoa de sempre.
- É no século XIX cando (rexurdir) _____ a nosa literatura.
- Nunca din a verdade, sempre (mentir; eles) _____.
- A lúa xa non (lucir) _____ tanto como outros días.

Nas seguintes frases cambia a forma verbal que aparece destacada pola correspon- dente do Pretérito (ten en conta que outros verbos poden verse afectados por estes cambios):

- **Digo** que te poñas aí.
- **Estou** todo o día traballando na fábrica.
- **Facemos** todo canto nos mandan.
- **Hai** que arranxar unha solución en menos de dúas horas.
- **Sei** por onde se vai a aquela praza.
- **Poste** en pé cando estás impaciente.
- Todos eses vultos non **caben** no teu faiado.
- **Sabemos** que non vai quedar máis remedio.
- Todo o que **traio** é para a miña filla.
- Son eu quen máis fai e máis di.

Tendo en conta o valor de cada caso, usa a forma correspondente de Antepretérito ou de Pretérito de Subxuntivo:

- Aquilo (acontecer) _____ antes de naceres.
- Aínda non dei entendido a causa de que te (enfadar) _____ tanto.
- (Poñer; el) _____ a súa sinatura no documento despois de pensalo moito.
- Pedímoslle a Clara que nos (axudar; ela) _____ a mover aquel armario.

- Se me (dicir; vós) _____ a verdade todo iría mellor.
- Eles (calar) _____ porque eran moi tímidos.
- Nunca (saír) _____ da súa vila nos últimos seis meses.
- Pediuvos que (acabar; vós) _____ o máis axiña posíbel.
- A Xeración Nós (contribuír) _____ decisivamente na renovación da literatura galega.
- Creo que se ti (apurar, ti) _____ un pouco máis poderíamos chegar a tempo.

Usa o Futuro de Subxuntivo nos seguintes enunciados, sempre que sexa posíbel:

- Cando veñas visitarnos podes quedar máis tempo connosco.
- Se queredes deixar alí bolsas e carteiras podedes facelo.
- Quero acompañalos a onde vaian.
- Redácteo vostede como mellor saiba.
- Se sodes intelixentes, faredes o que máis conveña aos vossos intereses.
- Cando esteas diante deles has de saber o que lles has de contar.
- Onde traballes procura comportarte honradamente.
- Se prefires adiar a reunión para mañá eu estou de acordo.
- Os que teñan cometido varias faltas deberán pagar unha pequena multa.
- Cando estudes non deixes o difícil para o final.

Usa a forma axeitada do participio do verbo que figura entre parénteses, en cada un dos seguintes enunciados:

- Andaba _____ pola praia (descalzar).
- Non dei _____ a tempo e perdín o tren (espertar).
- A factura xa está _____; cando queirades, marchamos (pagar).
- Síntome orgullosa de ter _____ nesta terra e de formar parte desta sociedade (nacer).
- Este peixe foi _____ a lume moi vivo (fritir).
- Quedou _____ a causa do accidente de moto (toller).
- É un dos países máis _____ da área (desenvolver).
- Fai as liñas dereitas, que as estás facendo todas _____ (torcer).

Escribe cada unha das dúas formas de participio dos verbos *coller*, *comer*, *envolver*, *erguer*, *fartar*, *imprimir* e *revolver*.

Poderían conxugarse os infinitivos dos seguintes enunciados? En caso afirmativo, cales serían as súas formas? Cando non sexa posible o uso da forma conxugada do infinitivo, explica a razón.

- Os rapaces e as rapazas, sen deixar de bulir, apeáronse na estación seguinte.
- Tedes que recoñecer que estabades confundidos.
- Era un son forte e molesto que non lles deixaba concentrarse para o traballo.
- Estamos aquí agardando, sen facer nada e sen poder marchar do sitio.
- A última vez que o vin foi na cea que organizamos para despedirnos dela.

- Ao saír do traballo pasade pola casa e falamos con calma.
- Esa non é maneira de responder cando che falan!
- Naquel tempo comezaban a andar xuntos e aínda non tiveran tempo de coñecerse dabondo.

Sinala as perífrases das seguintes frases e substitúeas por outras equivalentes:

- Deu en comentar o que vía desde a fiestra porque xa levaban calados media tarde.
- Os cartos non daban chegado a fin de mes e houbo que esquecerse dalgúns antollos.
- Pódela espertar que xa levará durmido unhas oito horas.
- Todos eran a pedirlle contas pola última falcatruada das moitas que levaba feito.

transforma as seguintes frases, introducindo todas as perífrases que poidas:

- Mañá xogaremos o partido máis importante da tempada e, se hai sorte, celebraremos a vitoria.
- Por fin chamárona para o traballo.
- Dentro dun pouquiño comezará a reunión, aínda que non consigan chegar todos os convocados.
- Xa che escoitei esa desculpa outras veces e non me convence de todo.
- Estás obrigada a ler este libro, aínda que leses outros similares.
- Despois do que oín non sabía se rir ou chorar.
- Pouco faltará para que dean as dúas e despois ninguén está obrigado a agardar máis.
- Pouco a pouco a néboa cubriuno todo e era difícil ver o camiño.
- Xa lle pedín varias veces que prestase atención e non insistirei máis no tema.